

Poesía galega en Madrid: o grupo poético *Bilbao*

Ana Acuña

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ACUÑA, ANA (2011 [2000]). “Poesía galega en Madrid: o grupo poético *Bilbao*”. En Dieter Kremer (coord.), *Actas do VI Congreso Internacional de Estudios Galegos*. Universidad de La Habana. Facultad de Artes y Letras. Cátedra de Cultura Gallega. 17 a 21 de abril do 2000. Vol. 2. Trier: Edicións do Castro/Centro de Documentación de Galicia da Universidade de Trier, 515-532. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/87>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ACUÑA, ANA (2000). “Poesía galega en Madrid: o grupo poético *Bilbao*”. En Dieter Kremer (coord.), *Actas do VI Congreso Internacional de Estudios Galegos*. Universidad de La Habana. Facultad de Artes y Letras. Cátedra de Cultura Gallega. 17 a 21 de abril do 2000. Vol. 2. Trier: Edicións do Castro/Centro de Documentación de Galicia da Universidade de Trier, 515-532.

* Edición dispoñíbel desde o 2 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

POESÍA GALEGA EN MADRID: O GRUPO POÉTICO *BILBAO*

Ana Acuña

*A tódolos galegos de Madrid*¹

Nesta comunicación imos falar de varios grupos poéticos formados por galegos (e, ultimamente, tamén por non galegos, caso dos estudantes alófonos) que escriben en galego dende un medio alleo como é Madrid. Aínda que nos centremos máis nos grupos poéticos contemporáneos, debemos viaxar ó pasado psra mostra-lo que teñen de común todos eles: a importancia dos estudantes para o labor de cada grupo e a creación dun medio de expresión poética (as coleccións de libros ou cadernos e as revistas).

Escribía Xosé Lois García (1999: 7) na primeira antoloxía de poetas da Galicia exterior que “Son infindos os camiños polos que transcurre a poesía galega na emigración” porque:

os poetas galegos que estiveron e están na diáspora souperon adaptarse ao país receptivo sen por elo renunciar ao propio país de orixen. Contamos cunha longa nómina de poetas galegos que emigraron e outros [516] que se fixeron e consagraron nesas circunstancias un tanto especiais que conleva calquer éxodo. Así podemos falar de poetas galegos na Arxentina, Cuba, Madrid, Venezuela, Gran Bretaña e, tamén, en Catalunya.

A literatura neste caso axúdalles ós emigrados/exiliados a estar preto das orixes porque “o único xeito de paliar os traumas dos cambios [como é a emigración/exilio] cualitativos é disfrazalos de permanencias ou, máis precisamente integralos nos esquemas do pasado”, do que deixamos atrás. Dado que “o aventurarse no descoñecido xera ansiedade, sen embargo, tal ansiedade pode perfectamente ser controlada sempre que a unión co seo materno do pasado non sexa rachada”². Este xeito de actuar é denominado polo antropólogo galego M. Gondar (1993: 232-233) como “camaleónico”, isto é, a capacidade dos individuos para adaptarse a medios distintos sen, por iso, perder a propia identidade. Mostra desta actitude

¹ Especialmente a César Arias (“Brais Pinto”), Inés Canosa (espírito de Sargadelos en Madrid), a Pepe Escudero e Fernando Vilaboa (pola amizade e por fálarme de “Irmandade” e “Lóstrego”), a Vicente Araguas, Fermín Bouza, Xavier Frías, José Manuel Outeiro, Claudio Pato, Manuel Pereira e Crisanto Veiguela (por acollerme, pola súa paciencia, voz e axuda), a Borobó (por tantas conversas e xenerosidade), ós fillos de “Bilbao” e recentemente bautizados como “poetas da sétima”, a tódolos asistentes á tertulia do Café Comercial os últimos sábados de cada mes, ós que non coñecín pero que sempre lembramos (Ben-Sho-Shey, Celso Emilio, Reimundo Patiño, Lois Pereiro...), a D. Xesús Alonso Montero porque si, ós compañeiros da Titulación de Filología Románica (sobre todo Carmen Mejía, Juan José Ortega, Jana Po-peanga, Joan Ribera e M^a Victoria Navas) e ós alumnos de galego da Universidade Complutense de Madrid pola súa ilusión e colaboración. A todos, gracias polo compartido e soñado.

² M. Gondar Portasany (1993: 232-233).

é a opinión que dous membros do Grupo Bilbao (grupo poético dos 90) teñen de Madrid ou da súa literatura.

Fermín Bouza (1999: 9) comparte con Vicente Araguas:

El destino de gallego exterior (...) los laberintos mentales de aquellos que, como Vicente y yo, mantienen un trato perverso con el diablo de la nostalgia telúrica. Y de ese trato con el maligno nacen nuestros libros gallegos, un acto de fe y pasión por una tierra en absoluto vencida.

Y así vagamos extramuros llevando dentro esa música mortal que nos ata a la tierra y nos libra al tiempo, porque la poesía deja constancia de esa lejanía y de esa cercanía, es una forma de estar cerca y lejos, en el columpio de los días que nos llevan y traen a la nostalgia (...) nuestro trabajo literario es más que literatura; eso sólo se sabe aquí, en los lugares en los que nace esa nostalgia y ese amor que acaba por proyectarse en todo.

E Crisanto Veiguela escribíanos:

sempre, durante a minha longa estadia em Madrid, de umha veintena de anos, desejei, precisei e gostei de relacionar-me, quer sob o aspecto da criação, quer no combate político, quer simplemente (e essencialmente) do ponto de vista do relacionamento humano, com outros galegos presentes em Madrid. Isso foi para mim umha necessidade e um prazer, prazer, prazer nascido seguramente da satisfação de enchido do vazio, espiritual se se quer, que produz o afastamento da terra (...). De resto, podó dizer que também por isso escrevia poesia em Madrid seguramente, para satisfacer umha necessidade telúrica; o de menos para mim talvez fosse falar de literatura nas tertúlias, o principal era o próprio acto de reunirmo-nos, de reconhecermos-nos vivencialmente como membros da comunidade galega, e como membros activos, sequer no plano cultural, ainda que longe fisicamente do contorno nosso³.

[517] No Madrid “que cheira a todos os desterrados”, segundo definiu M. Rivas, moitos galegos levan séculos andando *En Tránsito*⁴ perpetuo ou momentáneo, facendo “patria alén das circunstancias que os rodeaban e alentaron moitas emocións na ausencia dese mar azul”⁵. Podemos lembrar a sociedade “Galicia Literaria” presidida por Añón e que tivo como secretario a Vesteiro Torres no 1875⁶. Setenta e cinco anos depois da “Galicia Literaria”, os grupos poético-culturais en Madrid medraron en número e en intensidade. Por orde cronolóxica atenderemos ós seguintes grupos, con especial interese na década dos 90⁷:

- (1) anos 50/60: Grupo e colección “Brais Pinto”
- (2) anos 70/80: “Brais Pinto (2ª época), colección “A Gadaña”
Loia (revista)

³ Respectámo-la escolla ortográfica do poeta nesta enquisa enviada de xeito epistolar o 14 de abril de 2000.

⁴ Título dunha antoloxía da poesía e dos poetas galegos en Madrid que preparan arestora Vicente Araguas e Manuel Peireira. Poden verse as alusións feitas en *O Correo Galego* dos días 6 e 11 de marzo de 2000 por Borobó e M. Dourado Deira.

⁵ X. L. García (1999: 8).

⁶ Véxase o libro de M^a Álvarez de la Granja: *Teodosio Vesteiro Torres. Aproximación á súa vida e á súa obra*, Vigo: Instituto de Estudos Vigueses (Fundación Provingo), 1998.

⁷ Por máis recente menos estudiada como ten dito Miro Villar a propóstio dos poetas dos 90.

- “Irmandade Galega”
“Lóstrego”
Irmandade/Lóstrego (revista)
(3) anos 90: Grupo “Bilbao” e colección “O Roibén”
Loia 2ª xeira (revista)

Esta distinción é soamente cronolóxica porque moitas das persoas pertencentes a un grupo integráranse no seguinte cando o inicial perda forza ou membros (sobre todo estudantes). Será continua a fusión ou transfusión de grupos e persoas, é o caso, por exemplo, de César Arias que viviu os dous momentos “Brais Pinto” e pertenceu a “Irmandade”; de Raimundo Patiño que participou en “Brais Pinto”, “Irmandade” e *Loia* ou Fermín Bouza e Vicente Araguas que colaboraron en “Irmandade” e no proxecto *Loia*, pero pertencen a “Bilbao” e traballan en *Loia 2ª* xeira. Son, xa que logo, movementos e proxectos que se relacionan e entrecruzan como a vida das persoas.

O noso interese é que se escoiten as voces dos protagonistas para facelos presentes e que existan (como reclamou V. Araguas⁸) a través destas páxinas. [518] Para iso botaremos man das entrevistas persoais (sempre que sexa posible) que vimos realizando desde o ano 1999⁹.

1. “Brais Pinto”¹⁰

Madrid foi importantísimo na miña vida e non só dende o punto de vista intelectual” (X. L. Méndez Ferrín) fronte ó “sentimento tráxico” dunha “Galicia imposible desde Madrid” (H. Barreiro).

Segundo Méndez Ferrín, “Brais Pinto” (nome debido a un afiadador) estaba formado por “A maioría traballadores mozos emigrados, algúns (os menos) estudantes universitarios, todos preocupados pola cultura e entegues a un galeguismo e un antifascismo profundo con diversos matices”¹¹. Eran:

Ferreiro (que traballaba en Suevia Films, na publicidade) vocacionalmente orientado á novela, H. Barreiro (estudiante) ao ensaio teórico, Graña (estudiante) ao poema, Cribeiro (traballaba na Caixa de Aforros) ao cine, R. Lorenzo (estudiante) á filoloxía, B. Álvarez (traballaba nunha fábrica) amosaba vocación política activista de modo moi especial, mentres C. Arias (traballaba en Dragados) asumiu un claro papel aglutinador e de relación con círculos galegos democráticos de persoas maiores ca nós¹².

Tamén estaba en Madrid R. Patiño que, ademais de traballar no Banco Bilbao, impulsaba e innovaba a arte galega.

De contado, todos estes homes nados para comprenderse, integráronse nunha irmandade. Ocuparon sedes (o “Café Los Mariscos”, ou en “La Región Gallega”), fi-

⁸ “Os que escribemos desde fóra de Galiza non existimos” (*A Nosa Terra*, 14 de outubro de 1999).

⁹ Esta comunicación é, xa que logo, un traballo en elaboración e tódalas eivas que conteña son da responsabilidade exclusiva da autora.

¹⁰ Sobre este grupo pode verse, entre outra bibliografía: H. Barreiro (1985, 1991), X. Fernández Ferreiro (1985), X. L. Méndez Ferrín (1995), X. M. Salgado/X.-M. Casado (1989) ou C. Velo (1985).

¹¹ X. L. Méndez Ferrín (1996, pp. 51-65).

¹² Refírese a Ben-Cho-Shey e Martínez Barbeito.

xeron actos (homenaxes a Pimentel, a Cabanillas, a Otero Pedrayo (...), magostos incendiarios, películas de prácticas na Escola de Cine¹³.

Pero nada máis lonxe dun grupo poético ou cultural en exclusiva (...) Era un centro de reflexión política, filosófica, literaria e, naturalmente, [519] artística, de carácter radical democrático, bordeando o anarquismo e con elementos marxistas (...) a irmandade de fortes individualidades que Brais Pinto era, na segunda metade dos 50, foi unha escola de autoaprendizaxe, na que nos educabamos os uns aos outros, na que a información se facía convivida e comunal¹⁴.

Moitos destes trazos (heteroxeneidade, autodidactismo ou interdisciplinabilidade) aparecerán nos grupos poéticos posteriores. Tamén será común a creación dunha colección de poesía do mesmo nome, “Brais Pinto”:

A historia é que falamos, discutimos sobre a conveniencia de facer unha colección de poesía moderna. E xa que os de Galaxia non lle publicaban as poesías de Otero Pedrayo decidímosllas publicar nós. En Madrid fixemos algunha outra cousa que quizais mereza a pena subliñar, como foi a creación do movemento plástico de “A Gadaña”, o inspirador do cal foi Raimundo Patiño¹⁵.

Da colección “Brais Pinto” saíron 5 títulos: *Bocarribeira* (de Ramón Otero Pedrayo), *Poema do home que quixo vivir* (de Bernardino Graña), *A noite* (de Xosé Fernández Ferreiro), *O que se foi perdendo* (de Ramón Lorenzo) e *Acoitelado na espera* (de Xosé Alexandre Criebeiro).

“Brais Pinto” foi un intento de poñer ao día a cultura galega nunha dirección de avanzada (...) diante da falla de pintura, falla de poesía, falla de literatura, falla dun partido nacionalista, falla de todo no galeguismo. Brais Pinto é unha resposta a todo iso¹⁶.

En cada un dos libros ía a seguinte indicación:

(...) É a única colección escrusivamente poética que subsiste no ámbito cultural galego. Pretende incorporar aos seus números as voces xóvenes e as derradeiras aitudes de modernidade creadora, sen esquecer aos mestres de sempre nin as figuras representativas do momento cultural de Europa.

É interesante subliña-la importante recepción do grupo no exterior (por exemplo en México, país co que mantiñan moita relación), na Galicia daquela¹⁷ e no futuro. Sobre as relacións co exterior relatábanos César Arias (único membro de “Brais Pinto” residente aínda en Madrid):

[520] Foron épocas moi bonitas, [estabamos] moi unidos. Cando viña xente de Galicia pois pasaba, chamaban, falaban con un, con outro. Eu acórdome cando veu Luís

¹³ X. L. Méndez Ferrín, ob. cit., 1996, pp. 55-56.

¹⁴ *Ibid.* 1996, p. 56.

¹⁵ X. M. Salgado/X.-M. Casado, ob. cit., pp. 94-96.

¹⁶ *Ibid.*, p. 91-96.

¹⁷ Véxanse as noticias do xornal *La Noche* que saíron o 21-11-1959 (“Los poetas de Brais Pinto cantan a Cabanillas” por Ben-Cho-Shey) ou o 30-10-1960 (“Las solapas de Brais Pinto” por Borobó).

Seoane a primeira vez, ou cando veu Neira Vilas. Eu mandáballe libros e el mandábame todo o que se publicou en América. Eles sabían de nós e nós sabiamos deles porque tiñamos un contacto permanente. Esta xente tamén sabía moito de nós por Ben-Cho-Shey, claro escribíase con toda a xente que estaba na Arxentina ou en México exiliada.

O “Brais Pinto” dos anos cincuenta estaba relacionado con todos, con Pedrayo, con Risco, un que coñecía D. Ramón, outro que coñecía a Piñeiro e íaste relacionando desa maneira. E despois xa cando veu Inés [Canosa] aquí, xa todo [era] a través de Sargadelos. Viñamos case tódolos días aquí¹⁸.

E H. Barreiro¹⁹ escribía:

Houbo contactos con América (México, Buenos Aires, Nueva York), intercambios epistolares múltiples, críticas e recensións, premios literarios, actos públicos, coñecemento mútuo das Galicias emigradas, homenaxes, descubrimento dunha Galicia “nova” pra os galegos e non galegos de fora.

Como mostra da recepción futura, velaí o que escribe B. Losada (1971: 13):

La huella de Cuña Novás es dominante en los poetas del grupo Brais Pinto, formado hacia 1953 [quizais máis tarde] por universitarios gallegos que cursaban estudios en Madrid [e traballadores, como indicamos]. La colección Brais Pinto tuvo una breve y fecunda navegación (...) Todos estos poetas evolucionarían luego desde la poesía críptica y atormentada a la poesía de vocación mayoritaria e intención de testimonio.

Evolucionaron, efectivamente, uns xa en Galicia e outros en Madrid, pero mantendo sempre o contacto como lembra C. Arias:

Estivemos xuntos ata o sesenta e moitos porque segundo foron termiando chegou un momento en que aquí estabamos tres: Patiño, Cribeiro e eu. Ferreiro foi dos últimos que marchou. Segundo foron terminando fóronse marchando, pero seguimos en contacto totalmente. Perder non se perdeu nada, a proba é que seguimos.

[521] 2. “Brais Pinto” 2ª época, *Loia*, “Irmande”, “Lóstrego”, *Irmandade/Lóstrego*

“Brais Pinto” fíxose oír, na segunda época, a través de “A Gadaña”. Así lembra César Arias esa época:

“A Gadaña” é a segunda versión de “Brais Pinto”, a segunda época. Creamos unha sociedade e todo, aí o armadanzas foi Patiño. Estabamos Patiño, Cribeiro e eu. Os tres sós. Foi nos anos 70. Hai varios libros publicados, un de Bernardino Graña, outro de Ramón Valenzuela, 2 *viaxes* de Patiño e de Marín, un cómic... Me parece que publicamos sete ou oito. (...)

¹⁸ Entrevista realizada en Sargadelos o 8 de maio de 2000.

¹⁹ “Qué foi e qué é do grupo Brais Pinto”, en *La Voz de Galicia*, 20-5-1982.

Pero claro, chegou un momento que me quedei eu só. Xa non se pode porque xa non tes o empuxe que tiñas daquela, nin tampouco economicamente porque para montar unha cousa desas fan falta moitos cartos. E, despois, tivemos tamén moitos problemas coa censura (aínda había censura cando empezamos a publicar en “Brais Pinto” da segunda época). Eu teño libros, orixinais, que non se publicaron polo informe da censura, dicían que non consideraban conveniente a publicación e non te podías expoñer a publicalo. Un deles é unha tradución de Deinek, *O pobo que tiña fame* ou algo así, un libro de poemas. Chega un momento en que te botas atrás. A sede social na miña casa e o enderezo fiscal na de Patiño.

Antes de falar dos restantes movementos e proxectos, cómpre analizar os feitos socio-culturais que provocan a transición dunha época a outra. Fermín Bouza relatábanos deste xeito o ambiente galego cando el chegou a Madrid:

Xa non quedaba ninguén [de “Brais Pinto”]. Ben, coñecín a Raimundo Patiño e César Arias, e non recordo máis desa xeración. Raimundo e mais eu traballamos xuntos en moitas cousas, algunhas asociacións que se fixeron. Todo o mundo pertencía a algún partido, había ademais moitos estudantes galegos [e] varias asociacións: “Lóstrego”, que era do Bloque, “Irmandade”, que era a nosa. Ata que se xuntaron, me parece, foron suavizándose os líos. E xa logo desaparecen de aquí a xente, os motores disto, sobre todo os Manolo Rivas, os dous Pereiro, os Mariños²⁰.

V. Araguas tamén conta en diversos lugares (1991: 182 e 1991: 18-20) a súa peripecia vital en Madrid:

(...) o máis bonito que pasou neste tempo de tomarlle o pulso a Madrid foi coñecer a Celso Emilio. Vivía o poeta, por entón, nun piso do Paseo de las Delicias (...) Iso foi no outono do 74 (...) Nesta primeira [522] conversa en cas de Celso e noutras sucesivas (no Paseo de las Delicias, en Juan Bravo, na Irmandade Galega, no Ateneo²¹, en Sargadelos²², no Colexio Maior San Juan Evangelista) moitos foron os temas que apareceron.

(...) no ano 77 (...) participáramos o Celso, Manolo Rivas e máis eu nun acto que, o día das Letras Galegas, tivera lugar no Colexio Maior San Juan Evangelista. Celso e Manolo recitaran e eu, xa retirado, cantara. Entre o público moi cativo, Reimundo Patiño e Xosé Manuel Ferreiro. Por entón un fato de xente, entre os que quero salientar a Delfín Mariño e Lis García Ferreiro, fundáramos a Irmandade Galega de Madrid. Celso era o segredario e Ben-Cho-Shey (sempre acompañado polo fiel Mosquera) o presidente.

Nestas citas dánosen algunhas referencias que coidamos interesantes desenvolver: as “Semanas/Letras Galegas” e os “Colexios Maiores” como lugares de encontro. Sobre eles dinos un dos seus promotores e tamén membro de “Bilbao”:

²⁰ Entrevista realizada o 10 de decembro de 1999.

²¹ Desde o ano 1973, Celso Emilio levaba a Aula de Cultura Galega do Ateneo de Madrid.

²² Sargadelos cumpre no 2000 vintecinco anos de vida. Sobre este aniversario pode verse o nº 3 da revista *Madrygal*, en prensa.

Eu e mais un amigo (...) organizáramos unha “Semana Galega” no Colexio Maior (...) No ano 78 nesa Semana de Galicia coñecín a Raimundo Patiño que nos axudou moitísimo. Coñecín a Fermín (...) Naquela Semana Galega había exposición de pintura e exposición de libros excelente, alí estaban todos (...) Conferencias, mesas redondas e conversa-recital con Celso Emilio Ferreiro (...) Naquel recital non coñecín, aínda que coincidiríamos en moitos actos nin a Vicente Araguas nin a Manolo Rivas²³.

Segundo as nosas conversas con persoas do ámbito cultural galego en Madrid, poderíamos aventura-la seguinte cronoloxía aproximada dos grupos ou movementos galegos activos daquela (á parte da segunda época de “Brais Pinto”):

Loia, anos 75-78 (revista)

“Irmandade Galega”, anos 76-82

“Lóstrego”, anos 76-82. Revista *Raigame*

Irmandade Galega/Lóstrego, anos 82-85. Revista do mesmo nome.

Tamén había numerosas actividades culturais galegas no *Club Unesco* e no Centro Galego. [523] O progresivo desartellamento dos grupos e dos seus voceiros seguirá sendo proporcional ó descenso do número de estudantes galegos en Madrid. Neste sentido manifestaba Fermín Bouza:

Desapareceron os encontros, as tertulias que tamén facíamos no “Comercial”, quedábase aí con Manolo, con Pereiro, con toda esa xente ou con Patiño. Logo desapareceron os estudantes galegos e xa desapareceu o ambiente aquel creativo. Entón que facemos hoxe é, pola miña parte, nostalxia daquel tempo. E falta un pouco a cultura creadora que tiñan aqueles rapaces, que tiñan ganas de facer cousas novas. As mulleres sodes un pouco máis botadas para diante.

2.1. *Loia*²⁴

escribir era respirar (M. Rivas)

Loia foi unha revista creada por estudantes e traballadores galegos en Madrid. Sobre ela confesábanos un dos seus impulsores e colaboradores, Fermín Bouza:

(...) repartíase, vendíaa Manolo [Rivas] nos festivais que se facían nos Colexios Maiores (moi frecuentemente) que organizaba “Lóstrego” ou “Irmandade”. Facían algún chiringuito e puñan *Loia*. Sacaban dous números ou tres, non me acordo. Con [pouco] luxo, pero moi ben porque entón calquera cousa servía para que a xente se estimulase. Aquela era xente moi boa: os Pereiros (Lois e Xosé Manuel), Suso Iglesias (“O Gaiteiro”), Manuel Rivas. Ou sexa que era xente moi variada. (...) [Era] algo insurxente e [aglutinábase] a xente ó redor dunha folla. A min gustárame respectar o que foi *Loia*: uns Din A4 collidos por unha grampa.

²³ Manuel Pereira, entrevista realizada o 7 de decembro de 1999.

²⁴ Sobre *Loia* pode consultarse: A. Domínguez Rey (1993), L. Rodríguez (1986), M. A. Mato Fondo (1991), X. M^o Xil (1999), A. Ansedo Estraviz/C. Sánchez Iglesias (1996), L. Pereiro (1997).

Este parágrafo sobre as características de *Loia* (os seus colaboradores e a súa difusión) cómpre relacionalo cos trazos de “Brais Pinto” ou cos futuros de “Bilbao” e a colección “O Roibén”.

Aínda que a súa escrita era máis ben “arredista” (H. González, 1997: 48) como a de Rompente, tomando “conciencia da situación social e política e tenta construír un discurso combativo e ideoloxizado vencellado á independencia de Galicia, política e culturalmente”. H. González (1997: 52) sinala, amais, como trazos característicos de *Loia* (compartidos con Rompente) “o carácter experimentalista da súa poesía, o maxisterio dun membro destacado de Brais Pinto (...) e o feito de estar promovido por un fato de rapaces novos, escritores e artistas, con fortes conviccións galeguistas”.

[524] *Loia* presenta algúns problemas respecto, por unha banda, ós números de *Loia* que viron a luz, ós anos de edición²⁵ e a se *Loia* era un colectivo establecido ou un conxunto de individualidades puntualmente reunidas nunha revista. Por outra banda habería que revisa-la relación entre *Loia* e o Grupo Rompente, aínda que “existen algunos procedimientos comunes a los de Rompente: collage, cómic, dibujo, grafismo, viñetas... Y esto es explicable por los enlaces entre Rompente y Loia: los pintores Antón Patiño y Menchu Lamas”²⁶.

Sinónimo máis perfecto de *Loia* será, posteriormente, *La Naval* (A Coruña, anos 1984-1985) tal e como sinalou H. Monteagudo (1985: 268-297).

Se ollámo-los números de *Loia*²⁷ vemos que traballadores e estudantes se unen coma no Banquete de Conxo ou como no grupo “Brais Pinto”. Así di a primeira páxina do número de xullo de 1977:

ISTE NÚMERO DE LOIA FIXÉMOLO:

2 ENSINANTES (31 e 25 anos)

1 XORNALISTA (19 anos)

1 OBREIRO (19 anos)

1 ESTUDANTE EN PARO (19 anos)

1 PINTOR (20 anos)

e un...

As “letras don de: manuel rivas [7 poemas], lois pereiro [6 poemas], delfín mariño [2 narracións e 1 ensaio], fermín bouza [1 poema], manuel g. casás [1 poema]”. Os “dibuxos: antón patiño, delfín mariño” e a “maqueta e montaxe: xosé manuel s. pereiro”.

No ano 1978 participan Lois Pereiro (4 poemas), Manuel Rivas (3 poemas), Xosé Lois Bilbao (1 poema), Joao Guisám Seixas (1 narración), Fermín Bouza. Brei Álvarez (1 narración que nos parece prelude da súa primeira novela *Memorias do díaño*), Vicente Araguas (1 poema), M. Neira (pseudónimo de Vicente Araguas que traduce a Ezra Pound), X. M. Pereiro/M. Rivas (1 narración). Os debuxos son da man de Antón Patiño, María Rivas e Pedro Iglesias. A confección de Xosé Manuel S. Pereiro e Antón Patiño.

[525] Será a nostalxia de *Loia* a que leve a Fermín Bouza a facela voar de novo nos anos 90. Pero non nos adiantemos e continuemos pola ruta da cronoloxía intentando reconstruí-los momentos do monumento da literatura galega en Madrid.

²⁵ H. Monteagudo, L. Rodríguez e A. Domínguez Rey sinalan que *Loia* viviu entre o 1977 e o 1978, fronte ó que se pode ler no *Diccionario de literatura galega, tomo II Publicacións periódicas*, 1997.

²⁶ L. Rodríguez (1995: 19).

²⁷ Gracias á xenerosidade de Vicente Araguas conseguimos consultar dous números correspondentes ós anos 1977 e 1978).

2.2. “Irmandade”, “Lóstrego”

Máis arriba aludimos á fundación de “Irmandade” e “Lóstrego” como asociacións máis ou menos vinculadas a determinada ideoloxía e algunha delas cunha revista (*Raigame*, que, desgraciadamente, non conseguimos localizar). Así as recorda César Arias:

“Irmandade Galega” debeu nacer no ano 76, 75 ou 76 (...) Naceu a través de Celso Emilio. Creo que “Lóstrego” foi antes. Eu estiven en “Irmandade Galega”. “Lóstrego” era a U, a UPG e na “Irmandade Galega” había de todo, distintas tendencias.

“Irmandade” naceu ó redor de Celso Emilio, a proba é que cando el morreu aquilo foi esmorecendo. Facíanse unhas pequenas publicacións pero voceiro non había. Déronse algunhas charlas na Asociación de Veciños da Alameda de Osuna, dúas ou tres conferencias.

A homenaxe que lle fixemos cando morreu Celso Emilio eu creo que foi o maior acto que se fixo na transición a un poeta. Participamos como “Irmandade” a pleno. En “Irmandade” había varios poetas pero dos nomes non me lembro.

Daquela, cando empezaron, tivéronse algunhas reunións conxuntas, pero “Irmandade” foi esmorecendo desde o momento da morte de Celso e “Lóstrego” tamén.

A sede estaba nunha rúa que sae de Preciados, diante de Sol. Pagábase un aluguer. Nos primeiros anos (dous ou tres anos me parece que foi) na feira do libro montábase unha caseta co nome de Sargadelos vendendo libros.

Todas estas cousas foron desaparecendo porque os estudantes deixaron de vir, a xente nova. Non é coma antes que tódolos estudantes de Filosofía e Letras tiñan que vir a Madrid. Facían tres anos en Santiago e despois viña todo o mundo a Madrid. Claro, aquela xente facíanos mover. Era distinto.

2.3. “Irmandade/Lóstrego”

É probable que as dúas se fusionasen ó redor do ano 82 con outra revista como voceiro: *Irmandade Galega/Lóstrego*²⁸. O formato é dunha revista grampada escrita nunha soa tinta a man ou a máquina e con debuxos.

[526] Parécenos relevante, polas referencias culturais ós galegos de Madrid e polos colaboradores. Na revista do ano 1982 atópanse, entre outros, artigos dedicados ó “Día das Letras Galegas”, e á lingua, cun importante apartado centrado na creación poética. Colaboran I. Alonso Estravís, Lola Alonso Payo, Marina Neto Pol, X. L. Parga, Casquero Veiga, José Ramon Rodríguez Fernandes e C. Veiguela. Di o editorial:

Despois do tempo demais no que os galegos de/en Madrid non podían ter nas suas mans unha revista, ou simplemente un boletín de algunha das asociacións desta cidade, aparece para “manosear” –despois da experiencia de RAIGAME– este novo feixe de follas, aproveitado para saír do currunchos. A revista tentará ter continuidade. Os colaboradores seremos todos, con tal de escribir algo para ela. Caben todas as opinións, todas as prácticas e todas as ortografías.

²⁸ Gracias a Crisanto Veiguela contamos coa copia de dous números correspondentes ós anos 1982 e 1983.

No número de 1983 podemos ler artigos sobre a lingua e a literatura galegas, noticias culturais e creación poética. Entre os asiantes: C. Veiguela, Xosé Escudero, Alfredo Rodrigues Dias, José Ramom Rodrigues Fernandes, Jose Luis Parga, Xosé Lois García Ferreiro –lis– e J. L. Forneiro. Salienta o artigo de opinión de J. L. Forneiro no que se analiza a situación de “Irmandade Galega-Lóstrego ante o vello dilema: renovarse ou morrer”:

A agrupación pasa por uns momentos de gravísima crise cuxas principais causas penso que son a difícil situación na que se atopan todo tipo de organizacións (...) a forte competencia co Centro Gallego e con certos grupos culturalistas galegos en Madrid e a cada día mais triste e decepcionante situación do noso país e do nacionalismo (...) Irmandade Galega e Lóstrego morreron e ao parecer ninguén se decatou diso. E morreron porque os seus principais animadores só buscaban a promoción persoal neste mundiño no que vivemos (no caso de Irmandade Galega) ou respondían a intereses políticos dun partido determinado (o caso de Lóstrego). Ao abandonar ou retirar-se estas persoas das agrupacións estas quedaron en maos menos activas e menos expertas nas tarefas de desenrolar por unha organización de estas características (...) Nós como habitantes dunha grande cidade, como é Madrid, temos moito que dicir e facer no día de hoxe na nosa cultura. É preciso, aquí e agora, incorporar novos temas e actividades que non teñen porque excluír as até hoxe realizadas [dar clases de lingua e gaita, celebrar o magosto e o entroido, falar sobre Castelao, Curros, Rosalía (...)] traballar de xeito diferente, facendo da nosa acción algo festivo onde se repartan entre todos (...) esquecer-se da práctica política en nome da agrupación, salvo excepcións en temas vitais (...) presentación da agrupación a entidades políticas, culturais, científicas, docentes e cidadás de Galiza, Madrid ou a Emigración co obxectivo de colaborar ou simplemente intercambiar formacións. Penso que o dito anteriormente é imprescindible e urxente para sobrevivir e para marcar as diferenzas respecto a outros colectivos galegos de tipo folclórico ou culturalista que tamén operan en Madrid.

[527] Trala desaparición de “Irmandade Galega/Lóstrego” haberá que esperar ata os anos 90 para que moitos destes galegos se xunten nun novo proxecto común e creativo.

3. Grupo “Bilbao”, “O Roibén”, *Loia 2ª* xeira

Para min significou sobre todo a posibilidade de coñecer a seres magníficos e que van comigo xa para sempre. Fóra do anímico, unha iniciativa importante de cara a aglutinar esforzos nunha cidade como Madrid onde Galicia parece non existir culturalmente, e tamén unha aposta de permanencia, de traballo cara a que en Galicia se saiba que hai moita xente traballando fóra do país. (C. Pato)

3.1. “Bilbao”²⁹

Publicamente (M. Pereira e V. Araguas) e de xeito persoal, os membros do grupo Bilbao (X. Frías, J. M. Outeiro, M. Pereira, F. Bouza e V. Araguas, membros todos eles fundadores) teñen falado da xénese do grupo:

²⁹ Sobre “Bilbao” véxase: X. Valcárcel (“Poetas gallegos en Madrid”, en *El Ideal Gallego*, 7-3-1999), V. Freixanes (“Letras galegas en Madrid”, en *La Voz de Galicia*, 6-6-1989), V. Araguas (“Bilbao”, en *O Correo Galego*, 13-1-2000) ou M. Pereira (“Enma e Yolanda no Comercial”, en *O Correo Galego*, 27-4-1999, reproducido en *Loia 2ª* xeira).

Café Comercial, glorieta de Bilbao, Madrid. Á xenerosa teimosía de Xavier Frías debemos que exista neste café un faladoiro galego os derradeiros sábados de cada mes. El iniciouno xunto con Fermín Bouza e Vicente Araguas, eu incorporeime á segunda reunión. Despois viñeron Crisanto Veiguela e José Manuel Outeiro; un pouco máis tarde Claudio Pato. A convocatoria é aberta, os/as compoñentes son variables e sempre hai novas incorporacións: (...) Alexandre Finisterre, Carmiña Novoa, Borobó, Sabino Torres, Fariña Jamardo... Diferentes procedencias, diferentes idades, uns ocasionais, outros máis constantes. Algúns, como Crisanto e Claudio, regresaron a Galicia, aínda que dalgún xeito seguen con nós, pois temos pendentes de publicación cousas que nos implican a todos³⁰.

Como en “Brais Pinto”, tampouco en “Bilbao” existen uns presupostos poéticos ou unha comunión. Así se expresaban os seus membros:

Paréceme que liña común non. Somos (...) un grupo de xente que é galega e que está facendo a súa obra, os seus traballos literarios arredor de [528] Galicia. Non vexo un estilo común pero si vexo xente de moita calidade, sobre todo as mulleres (F. Bouza).

Xeracionalmente eu estou practicamente a carón de Fermín e de Vicente, despois xa está Xavier, Crisanto e Xosé Manuel Outeiro. Digamos que, creo que os 5 foi un pouco os que empezamos a reunirmos alí e mantemos ese espírito e esa práctica da tertulia. (...) A miña amizade con todos eles está marcada polo oficio literario, digamos que non está alicerzada en ningún tipo de experiencia xuvenil nin coincidencia noutros sitios universitarios, como é o caso de Fermín e Vicente (...) Penso que cando unha experiencia de xa moitos anos nunha tertulia e moitos recitais e participación en cousas, hai unha amizade que está baseada en varios motivos pero non sei, tampouco me paro a pensar en que é, en que se fundamenta (...) unha das persoas á que menos tempo coñecín na tertulia, e sen embargo unha persoa das que me considero máis amiga e que teño unha relación persoal máis intensa, máis amiga é Claudio Pato, que é diametralmente oposto a mín. (...) Eu creo que hai certa maxia na relación entre as persoas que vai máis aló das ideoloxías e da maneira de escribir e de todo iso (...) Eu creo que non somos un grupo poético no sentido programático, como pode ser o “Dogma 95” no cine actual. Non, simplemente somos un grupo de xente que escribimos, que estamos en Madrid e que queremos reunirmos e vernos e falar e ter un lugar de encontro. (...) Hai coincidencias, pero hainas tamén con xente que non é do grupo nin está aquí, nin é galega. (M. Pereira).

Penso que, ao termos inclusive publicado juntos, si pode haber un pouco de conciencia de grupo (...) e nom me considero parto dum grupo junto de Vicente ou Fermín, que están afastados de mim tanto pola súa calidade literaria (de que eu careço) como pola súa presenza no parorama literario galego ou pola geraçom a que pertencem (José Manuel Outeiro)³¹.

³⁰ M. Pereira: “Enma e Yolanda no Comercial, en *O Correo Galego*, 27-4-1999 (reproducido en *Loia* 2ª xeira).

³¹ Repectámo-la ortografía orixinal dunha entrevista escrita que nos remitiu o autor o 28 de marzo de 2000.

Das respostas de tódolos membros entendemos que no “Grupo Bilbao” coexisten varias xeracións de poetas: dos 90 (C. Pato, J. M. Outeiro), dos 80/90 (M. Pereira, X. Frías, C. Veiguela, F. Bouza), ou dos 70/80/90 (V. Araguas) segundo os anos de publicación (criterio tan válido coma outros). Esta heteroxeneidade e convivencia mostra, como sinalou Miro Villar que “é posíbel en Galicia [e fóra dela, engadimos nós] o diálogo poético entre varias xeracións ou unidades xeracionais”³².

Podemos falar, con todo, de “Bilbao” como dun grupo poético, “como aquel que nace da vontade, por parte dos seus membros, de se unir nunha empresa colectiva, para, baixo uns presupostos formais e estéticos prefixados e [529] comúns, crear unha obra que se amolde a eles”³³. No caso do “Grupo Bilbao” o presuposto común é escribir en galego (véxase o prólogo de C. Mejía a *Bilbao*³⁴) en calquera norma ortográfica e o seu obxectivo é “a necesidade de publicaren textos inéditos (...) Mais non debemos esquecer que non estamos ante unha época de xeracións, senón de individualidades notábeis”.

A aparición do “Grupo Bilbao” en Madrid insérese nun fenómeno paralelo en Galicia: (...) entrada a década dos 90 asistimos a unha renovación do movemento poético, tanto polas novas publicacións de poetas dos 80, como pola aparición dun grupo de novísimos poetas, debido a factores numerosos e complexos, entre os que destacaríamos a creación de novas empresas editoriais, a aparición de novas revistas e de grupos poéticos en ocasións identificados cun espazo cultural-histórico de resonancias míticas na nosa cultura (...) Estes grupos xeracionais, bastante cohesionados, actúan como dinamizadores do máis novo panorama poético con publicacións conxuntas, recitais e manifestos³⁵.

Outras iniciativas colectivas, a maioría con publicacións periódicas ou follas poéticas son: Ronseltz, Serán vencello, Asociacións Blas Espín, A Santa Compañía, A Corporación Semiótica Galega, Edicións Louro, Hedral, Arre Sentelha, Batallón Literario da Costa da Morte, Sete Naos, Humilladoiro, Letras de Cal, etc., en Galicia e a colección “O Roibén” en Madrid.

Sobre a colección “O Roibén” sinala o seu coordinador X. Frías:

O Roibén naceu para dar saída a publicacións porque para parte de nós o acceso ó mundo editorial galego é caro, sobre todo na poesía (...) A idea en principio é difundir os nosos propios traballos nun formato doado que é o caderno, é máis fácil de ler e de distribuír. Cara ó futuro temos proxectos de elaborar nós os cadernos. (...) Aquí entra un pouco de todo: traballos colectivos, traballos individuais (...) hai colaboracións de persoas que son alleas ó grupo, tampouco estamos pechados a ningún sistema ortográfico. Estamos en contacto cunha serie de alumnos de Filoloxía Románica e Eslava, Hispánica e imos publicar este ano uns poetas novos, algúns deles galegos, outros non, outros da franxa de fala galega de Asturias³⁶.

³² M. Villar (1998: 214).

³³ T. Seara, citada en *Historia da literatura galega*, Vigo, 1996, p. 1522.

³⁴ No prelo.

³⁵ *Ob. cit.*, pp. 1521 e 1525.

³⁶ Entrevista realizada o 23 de decembro de 1999.

A colección foi presentada en Sargadelos o 18 de febreiro de 1999. Ata o momento conta con 5 títulos³⁷ e o 17 de maio de 2000 presentaranse outros [530] tantos. Publicáronse: *Carreiros*, *Comercial* e *Todo morte* (1998) e *Xábregno* e *Xeitos de falar* (1999). Os cinco que se preparan (de 6 poetas novos e un xa recoñecido) poetizan as “4 rotas dos baleiros” trazadas por H. González: “A primeira é a poesía de muller (*Simbiose* de S. González e V. Veiguela), a segunda é a poesía rupturista e/ou experimental (*Hidroemas* de L. M. Luna e Ó. Curieses), a terceira abranguería a poesía do cotián (...) e a cuarta é un revoltallo de propostas poéticas entre as que se atopan a poesía do coñecemento, as propostas de revitalización clásica, algunhas propostas intimistas, paisaxísticas” (aquí incluíriamos *Azul e terra* de X. Frías, *Onte chovía* de R. Yáñez e *Alquimia soñada* de X. Galán).

Poderíase compara-la colección “O Roibén” coa importante colección da A. C. Amaía “Letras da Cal” pois ámbalas dúas carecen de carácter lucrativo (cada autor paga o seu libro ou colaboran economicamente tódolos membros), a distribución e venda é “directa, moitas veces nos recitais e presentacións e unha pequena distribución nas librerías” (no caso de “O Roibén” en librerías de Madrid, Santiago e Ourense, ademais de doazóns a bibliotecas e particulares) e o prezo é coma dos outros libros de peto.

A partir do ano 2000, “O Roibén” vaise vincular á recentemente constituída “Asociación Celso Emilio Ferreiro –ACEF–” (Madrid) que xunta ós membros do Grupo “Bilbao”.

3.2. *Loia 2ª xeira*

Agardamos por vós coma quen mira un facho nas noites do mar maior (editorial de Loia 2ª xeira)

Buscando romper de novo e ser unha avangarda *Loia 2ª* xeira voa outra vez en 1999, impulsada en solitario por F. Bouza pero con

Aquela enerxía transformadora da xeración dos 60/70 (de Manolo e compañía), o rock, o heavy [onde] todo era facer cousas. Daquela na *Loia* vías unha vontade de estilo. Era a modernidade da entrada no milenio, das cousas novas. Gustaríame transmitir ese espírito un pouco “moderno” e “rebelde” (...) provocando algunha cousa, comparando e intentando facer non só no terro do deseño (ese é un síntoma) tamén no terreo da poesía, non podemos seguir facendo cousas máis ou menos rimadas. E aí as rapazas son rompedoras. Facer algo máis ambicioso.

Nesta xeira participan tres membros de “Bilbao” (V. Araguas, C. Pato e M. Pereira), o propio F. Bouza e unha restra de galegos (ou heterónimos seus) residentes en Madrid. Enfeitada de cores e feita a ordenador, *Loia* lémbrese do [531] que ela mesma foi no pasado (de R. Patiño e L. Pereiro), da memoria e da voz de Andrés do Barro, pero tamén de Pepe Caamaño e outros do 68 en Compostela que derrubaron a “cidade da néboa”, ó carón dunha recensión sobre o “Grupo Bilbao”.

Cada poema ten a súa ilustración e, como a *Loia* primixenia, está grampada. Non estivo á venda e repartiuse entre os membros de Bilbao e outros interesados pola cultura galega. Na última páxina dáse noticia doutras publicacións dos galegos en Madrid: da colección “O

³⁷ Sobre todos eles apareceu unha recensión no número 2 da revista *Madrygal* (1999: 226-229) a cargo de J. J. Carracedo. Tamén M^a Xesús Nogueira lle dedica un espacio nun artigo que aparecerá no número 3 desta revista (no prelo).

Roibén”, de *A Freita*³⁸, *A Balandra* e a colección “Hipocampo Amigo” que continúa a realizar en Madrid o labor da desaparecida e chorada “Benito Soto” da man de Sabino Torres.

Restan outros grupos e voceiros que, por mor do espacio, só podemos citar. É o caso de *Renovação. Embaixada galega da cultura. Revista cultural e informativa* editada pola asociación cultural do mesmo nome³⁹ e que tiña por director a Jose Ramon Rodrigues Fernandes (Moncho de Fidalgo). Nela colaboraba algún membro de “Bilbao” como C. Veiguela, ademais de José Luis Galego Rolam, Roi Rodrigues Arias, Luis Rapela, José Martinho Montero Santalha, Amado L. Caeiro, Carmen G. Ares, H. M. Rabunhal Corgo, José Luis Forneiro, etc.

Conclusións

Co “Grupo Bilbao” e a ACEF, con *Loia* e coa colección “O Roibén” (presente da poesía galega en Madrid) pechamos este percorrido, quizais demasiado achandado, pero aínda facéndose.

Actitudes e feitos semellantes unen a cada un dos grupos debullados: expresión a través de coleccións ou revistas, necesidade de facer algo novo... creando sempre o que Borobó denominou *MadriGalicia* e na Universidad Complutense de Madrid chamamos *Madrygal*: “Por canto soñamos en Galicia (...) escribindo, pintando, loitando e perdendo. Soios.” (L. Seoane).

[532] REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ANSEDE ESTRAVIZ, A./C. Sánchez Iglesias (dir.) (1996): *Historia da literatura galega*, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, vol. 5.
- ARAGUAS, V. (1991): “Madrid: os traballos e os días”, en *Voz e voto. Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro*, Celanova: Edición Patronato Curros Enríquez, pp. 18-20.
- ARAGUAS, V. (1999): *Billarda*, Madrid: Huerga y Fierro.
- BARREIRO, H. (1985): “Aqueles anos do Brais Pinto (Apuntes testimoniais, 1959-1964)”, en *Dorna*, 9, pp. 23-30.
- BARREIRO, H. (1991): “Enumeración caótica para un poeta irremediamente noso”, en *Voz e voto. Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro*, Celanova: Edición Patronato Curros Enríquez, pp. 23-25.
- BERNARDEZ, C. L. (1994): *50 anos de Poesía Galega*, tomo II, A Coruña: Penta editorial.
- DOMÍNGUEZ REY, A. (1993): “Última poesía gallega”, en *Zurgai*, pp. 62-70.
- FERNÁNDEZ FERREIRO, X. (1985): “Patiño: o home, a obra”, en *Dorna*, 9, pp. 31-32.
- GARCÍA, X. L. (1999): *Alén do azul (unha ducia de poetas galegos en Catalunya)*, A Coruña: Edicións do Castro.
- GONDAR PORTASANY, M. (1993): *Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmos e o nós-outros*, Vigo: Edicións A Nosa Terra.

³⁸ O seu “Suplemento Literario O Espello” é realizado desde Madrid e o seu consello editorial está formado por membros de “Bilbao”.

³⁹ Logramos consultar dous números (anos 1990 e 1991) gracias a C. Veiguela.

- GONZÁLEZ, H. (1997): “Rompenpe, poderosa pomada”, en *Anuario de estudos literarios galegos*, pp. 47-83.
- MATO FONDO, M. A. (1991): *A mazá e a cinza (a poesía galega após 1976)*, Pontevedra: Cumio.
- MATO FONDO, M. A. (1996): “A poesía galega actual”, en Ansedo Estraviz, A. /C. Sánchez Iglesias (dir.): *Historia da literatura galega*, Vigo: ANT/AS-PG, vol. 5.
- MÉNDEZ FERRÍN, X. L. (1995): *O fin dun canto*, Vigo: Xerais.
- MÉNDEZ FERRÍN, X. L. (1996): “Anos de aprendizaxe de Reimundo Patiño”, en *Reimundo Patiño. Ciclo monográfico de conferencias*, Santiago: Xunta de Galicia, pp. 51-65.
- MONTEAGUDO, H. (1985): “Dez anos de poesía galega”, en *Grial*, 89, pp. 268-279.
- NOGUEIRA, M^a X. (1997): “Poesía galega dos oitenta”, en *Boletín galego de literatura*, 18, pp. 57-84.
- PEREIRO, L. (1997): *Poemas para unha Loia*, A Coruña: Espiral Maior.
- RODRÍGUEZ, L. (1986): *Desde a palabra, doce voces. Nova poesía galega*, Barcelona: Sotelo Blanco.
- RODRÍGUEZ, L. (1995): *Los caminos de la voz. Seis poetas gallegos de hoy*, Granada: Deputación de Granada.
- SALGADO, X. M./X. M. Casado (1989): *X. L. Méndez Ferrín*, Barcelona: Sotelo Blanco.
- TARRÍO, A. (1994): *Literatura galega. Aproximación a unha historia crítica*, Vigo: Xerais.
- VELO, C. (1985): “Carta ó grupo “Brais Pinto”, en *Dorna* 9, pp. 19-21.
- VILAVEDRA, D. (coord.) (1995): *Diccionario da literatura galega*, tomo I, Vigo: Galaxia.
- VILAVEDRA, D. (coord.) (1997): *Diccionario da literatura galega*, tomo II, Vigo: Galaxia.
- VILAVEDRA, D. (coord.) (1999): *Historia da literatura galega*, Vigo: Galaxia.
- VILLAR, M. (1998): “A poesía galega no fin do segundo milenio (1976-1998)”, en Alonso Girgado, L. (coord.): *Actas das I Xornadas das Letras Galegas en Lisboa*, Santiago: Xunta de Galicia.
- XIL, X. M^a. (1999): “Otras escrituras”, en *Ínsula*, 629, p. 24.